

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Como consecuencia da declaración do Estado de Alarma por emerxencia sanitaria acordado polo Goberno da Nación no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, prorrogado mediante o Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, acórdase de forma consensuada cos representantes dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación, como medida excepcional, a celebración das sesións plenarias de forma non presencial.

Para facilitar ás entidades locais a posibilidade de convocar e celebrar sesións dos seus órganos colexiados e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos, por Real Decreto – Lei 11/2020, de 31 de marzo, modificouse o artigo 46 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, engadindo un novo apartado 3.

A situación de Estado de Alarma encóntrase nos supostos establecidos nesta modificación "situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo ou catástrofes públicas que impidan ou dificultan de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais.

Visto o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Acordar a celebración a distancia da sesión plenaria ordinaria prevista para o día 4 de maio de 2020 por medios telemáticos a través da aplicación GOOGLE MEET mediante videoconferencia.

SEGUNDO.- Comunicar a presente resolución a todos os membros da Corporación.

TERCEIRO.- Publicar o presente decreto na páxina web do Concello para o seu xeral coñecemento.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero.